


Compromiso RSC



AXUDAS PARA INVESTIMENTOS QUE FOMENTEN A PESCA SUSTENTABLE PARA PROPIETARIOS DE BUQUES PESQUEIROS ANO 2025

(Extracto da Orde da Consellería do Mar de 9 de xaneiro de 2025)
(A título indicativo e non exhaustivo)

OBXECTO:

-Realización de actuación por parte de propietarios de buques pesqueiros para fomentar a pesca sustentable e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos.

FINALIDADE: As axudas terán como finalidade a realización de investimentos:

- Que limiten o impacto da pesca no medio mariño e adaptación da pesca á protección das especies.
- Que melloren a hixiene, saúde, seguridade e condicións de traballo en buques pesqueiros.
- En eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático.
- Que aumenten o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización de capturas non desexadas.

REQUISITOS PRINCIPAIS:

- Poderán ser beneficiarios os propietarios de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e que non teñan resolución desfavorable de regularización.
- Estar ao día nas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.
- Ter a correspondente autorización ou solicitude de autorización para realizar os investimentos naqueles casos nos que sexa necesaria.
- Ter constituído seguro que garanta a cobertura de danos a terceiros.
- Haber levado a cabo actividades pesqueiras no mar polo menos 60 días nos anos 2023 e 2024
- Durante os cinco anos seguintes ao pagamento non se pode:
 - Cesar na actividade produtiva.
 - Relocalizar a actividade produtiva fóra de Galicia.
 - Cambiar a propiedade do buque.
 - A suma das vendas do ano anterior debe ser superior ao 50% da media do porto base e segmento da frota.

INVESTIMENTOS OBXECTO DA AXUDA:

- Mellora da seguridade a bordo do buque.
- Mellora das condicións de traballo.
- Mellora das condicións de hixiene.
- Substitución de motor (O buque debe constar no Rexistro Xeral da Flota Pesqueira como mínimo os 5 anos civís previos ao 2025 e a potencia do novo motor non supere a do motor existente se o buque ten unha eslora ata 12 metros e que pertenza a un sector en equilibrio coas posibilidades da pesca)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Ata o 10 de Febreiro de 2025

Máis información:

- Orde da Consellería do Mar do 9 de xaneiro de 2025 (DOG N° 5 DE 09/01/2025)
- Na Confraría